



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE  
SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA), Nº 8/2015 (MANDATO 2015-  
2019), DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO, CELEBRADA O 11 DE  
DECEMBRO DE 2015.**

Salceda de Caselas, 11 de decembro de 2015

**ASISTENTES**

**Presidente**

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

**Conelleiros/as**

**Grupo municipal do Partido Popular**

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

**Grupo municipal de Movemento Salceda**

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (M/S)

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

**Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)



**Interventora do Concello**

Elisa Marqués Parrilla

**Secretario do Concello**

Carlos López Quintáns

**HORA DE INICIO:** 9:40

**HORA DE REMATE:** 12:14

Estableceuse un receso na sesión dende as 10:34 horas ata as 12:08 horas da mañá.

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 09:40 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto nº 482/2015 de 7 de decembro de 2015, reúnense en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA:**

**1.- Aprobación das actas das sesións ordinarias nº 5/2015 celebrada o 28 de agosto e nº 6/2015 celebrada o 3 de novembro de 2015.**

**2.- Ditame de aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.**

**INICIO DA SESIÓN**

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN ORDINARIAS Nº 5/2015 CELEBRADA O 28 DE AGOSTO E Nº 6/2015 CELEBRADA O 3 DE NOVEMBRO DE 2015.**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o **Señor Presidente pregunta** se algún/nha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 5/2015 de 28 de agosto.

Non existindo observacións, sométese a votación a acta da sesión nº 5/2015, de 28 de agosto e a mesma é aprobada por once votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Movemento Salceda; con dúas abstencións das sras. concelleiras do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o **Señor Presidente pregunta** se algún/nha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 6/2015 de 3 de novembro.



Non existindo observacións, sométese a votación a acta da sesión nº 6/2015, de 3 de novembro e a mesma é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, con trece votos a favor.

## 2.- DITAME DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.

O sr. Besada Pérez explica que ao aprobarse no último pleno unha moción do Partido Popular, en cumprimento dese acordo ditouse providencia de alcaldía para seguir co procedemento, emitíndose informe pola Intervención Municipal. Fai referencia á solicitude do Partido Popular de pleno extraordinario e dá lectura do acordo que se formula en dita solicitude.

De seguido transcríbese a solicitude de pleno extraordinario e proposta de acordo formulada polo Grupo Municipal do Partido Popular, con entrada no rexistro do Concello o día 24 de novembro de 2015:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Tendo en conta que o Alcalde non convocou o pleno onde se debería de proponer a proposta de acordo provisorio da modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI (Imposto de Bens Inmobilares), tal e como se aprobou no pleno do día 3 deste mes de novembro a través da moción presentada polo noso grupo, onde se instou o goberno local e o Alcalde o inicio do procedemento de modificación de ordenanza fiscal donde se contemple a aplicación do 0.50 % como tipo impositivo para o exercicio 2016, e dicir, minorando así o tipo impositivo nun 16,70% respecto do 2015.

Este Grupo entende que a suposta minoración de ingresos non é tal, dado que para o exercicio 2016 o valor catastral total do Concello se verá incrementado tras a regularización catastral solicitada polo Alcalde con data 22 de maio de 2014 (rexistro de saída 1150), o que implicará unha maior recaudación do imposto, incluso minorando o Tipo o 0.50%, xa que tendremos preto de 800 novas altas de inmobles.

Con respeito o Plan de Axuste aprobado en pleno no ano 2012, este Grupo considera que non se verá alterado toda vez que en dito plan de axuste non se contemplou a regularización catastral mencionada anteriormente, a maiores, insistimos nos gastos "superfluos" de despilfarro que sí se poden evitar e que non son imprescindibles, por non mencionar as dedicacións excesivas, gastos no departamento de urbanismo, entre moitos outros.

Asemade, o día 23 de novembro entregousenos o Informe de Intervención número: EMP 91/15, no que se acredita que tendo en conta o indicado nos parágrafos anteriores, non se vería afectado o plan de axuste nin a regla de gasto.

Por todo o exposto, este Grupo Municipal, SOLICITA a convocatoria e celebración dun Pleno de carácter Extraordinario, (a maior brevedade posible, e en horario de celebración dos Plenos ordinarios), incluíndo como punto na ordén do día o seguinte:

- Proposta de acordo provisorio de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobilares (IBI) establecendo como tipo impositivo o 0.50% para o exercicio 2016.

Tendo en conta o artigo 17.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais: "los acuerdos provisionales adoptados por las Corporaciones Locales para el establecimiento, supresión y ordenación de tributos y para la fijación de los elementos necesarios en orden a la determinación de las respectivas cuotas tributarias, así como las aprobaciones y modificaciones de las correspondientes ordenanzas fiscales, se expondrán en el tablón de anuncios de la Entidad durante treinta días, como mínimo, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas".

Exposto o anterior, solicitamos, que o procedemento se lle aplique a tramitación de urxencia que contempla o artigo 50 (tramitación de urxencia) da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Régimen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común.

O sr. Núñez Troncoso (concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular) di que solicitaron pleno extraordinario porque non había outra forma de debatir a proposta e que agora se ve a transparencia da que tanto fala o Alcalde. Sinala que o sr. Alcalde omite por completo un acordo plenario donde se instaba ao Alcalde e Grupo de Goberno á modificación do IBI para o 2016 baixando o tipo ao 0,50%. Di que antes desa moción o PP xa presentara un escrito o 7 de outubro facendo referencia a tal proposta.

Manifesta que no propio escrito de solicitud da convocatoria de Pleno se solicitaba que se celebrase en horario de pleno ordinario, e que non respetaron iso a pesar de que na Comisión a oposición solicitou que se celebrase en horario de tarde.

Di que a diferencia na recadación entre o que está na ordenanza e o que propón o PP está entre 50.000 e 60.000 euros, e que esta diferencia se pode compensar con axustes noutras partidas, coincidindo esta diferencia coa que resultaría dos salarios de concelleiros que propuña o PP, cos que se están cobrando na actualidade; e elo sen prexuízo de aforrar en pancartas, panfletos e camisetas.

Sinala que solicitan a aprobación inicial e a tramitación de urxencia para que se poida aplicar no 2016. Di que o Alcalde e compañía emitiron unha nota de prensa indicando que a ordenanza baixará para o 2016 ao 0,53% pero na mesma non se dixo que do ano 2011 ao 2012 se incrementou a ordenanza polo sr. Alcalde do 0,47% ao 0,53%, co cal se mantén a suba que se fixo no seu día. Reitera que solicitan a tramitación de urxencia, o que implicaría a redución dos prazos para que entre en vigor o 1 de xaneiro.

O sr. González Rodríguez (voceiro do Grupo Municipal de Movimento Salceda) di que tras o pleno do 3 de novembro se emitiu providencia o 5 de novembro para que se seguisse o procedemento instado polo Partido Popular, emitíndose informe de Intervención o 19 de novembro, no que se indica o procedemento a seguir; e finalmente emitiese ditame desfavorable na Comisión de Contas o pasado 7 de decembro. Sinala que hoxe se trae a Pleno para a súa aprobación, co obxecto de expoñela despois por un período de 30 días e transcorrido o prazo se eleva a definitiva a modificación, salvo si hai alegacions, en cuxo caso teñen que volver a tramitarse no Pleno.

En canto ao fondo da cuestión sinala que o PP trata de enganar aos veciños porque saben que o 16% de baixada realmente é dun 5,6% porque para o ano se aplicará o tipo impositivo que teñen en ordenanza. Di que o PP estivo catro anos calado cando o PP do Estado por Decreto os obrigou a aplicar un tipo superior ao que tiñan en ordenanza. Di que para o 2016 os veciños xa verán reflexado na urbana unha baixada do 12% e nun recibo medio de 130 euros suporá unha baixada de 16 euros.



Manifesta que non é verdade que o 16% que solicita o PP sexa en si pola moción, porque ao non ter aplicación a medida do Estado xa supón un 12% de baixada. Di que este tipo impositivo se aprobou no 2011 cos votos a favor do BNG e PSOE e subiu do 0,47% ao 0,53%.

Pregúntalle ao sr. Núñez Troncoso se non lembra que no 2004 subiu do 0,40% ao 0,47% e que foi unha suba superior á do 2011 porque supuxera un 17% de suba.

Di que dende Movemento Salceda seguen apostando polos servizos públicos e de calidade, por servizos que a cidadanía desfrute e faga uso deles, e para iso ten que facerse vía impositiva ou vía transferencia de outras administracións. Di que no Pleno anterior xa dixo que Salceda é dos plenos da contorna que ten as taxas e impostos más baixos e que si queren seguir garantindo estes servizos de calidade é un pouco irresponsable tomar esta medida de baixada e terán que mirar de donde recurtan os 50.000 ou 60.000 euros que indica o sr. Núñez Troncoso.

Reitera que no 2011 o PSOE apoiou a suba e entón dicían que se pretendían garantir os servizos e que os veciños tiñan que pagar polo que tiñan. Di que ve máis que razoable a baixada do 12% que verán os veciños para o ano na urbana.

**A sra. Tourón Domínguez (voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE)** di que lle fai gracia que non lle deran nin a palabra antes que ao voceiro de Movemento Salceda. Di que se abstiveron na Comisión Informativa por imposibilidade de poder falar ela coa Interventora porque o día que foi a falar con ella non estaba e finalmente non lle deu tempo. Di que tiña dúbidas co informe, pero que xa conseguiu aclarar coa intervientora que era perfectamente legal.

Indica que na Comisión o PSOE pediu que o Pleno fose en horario ordinario; que Movemento Salceda sempre alardeou de transparencia e que un pleno extraordinario para baixar o tipo do IBI debería ser tamén pola tarde porque para unhas cousas hai transparencia e para outra non. Di que seguro que lle dirán que cando estaba no goberno facían os plenos extraordinarios pola mañá. Pide que conste en acta que a deixen falar e cando acabe a repliquen.

Sinala que cando gobernaban PSOE e BNG se subiu a ordenanza pero unha xestión dun goberno municipal non significa tomar unha decisión e mantela polos séculos dos séculos, se toman en función do momento e das circunstancias e hai que ter capacidade de adaptarse, o que significa mellor xestión.

Di que non sabe como enfocar o da baixada que fala o PP do 16% e a de Movemento Salceda do 0,60% ao 0,53%. Di que non está de acordo con ningún. Explica que non se baixa ao 0,53% por xestións do goberno municipal porque este tipo xa existe dende o 2012, e o goberno municipal non fixo ningún trámite máis aló de votar en contra da baixada proposta en pleno o 3 de novembro; mentres que a noticia do PP de baixar un 16% non é certa porque a rebaixa é do 0,53% ao 0,50%.

En canto ao procedemento di que tal como di o Concelleiro existe un informe de Intervención do 19 de novembro, e que si esa é a data, tiñan 48 horas para convocar a Comisión Informativa, más outros dous días para facer o Pleno extraordinario; o que significa que o 24 ou 27 se podía facer o Pleno Extraordinario, sen embargo tivo o PP que facer a solicitud de pleno extraordinario. Manifesta que ao día seguinte de facer a providencia pode o sr. Alcalde realizar todos os trámites para facer efectivo o acordo plenario; e que non se pode pasar a democracia por donde lle peta, que outra cousa é ter intención de cumplir o acordo, e o goberno municipal non a ten porque entón non votaría en contra.



**O sr. Núñez Troncoso** di que con respecto da rebaixa sempre fixeron mención ao ano 2015, non da ordenanza que está en vigor. Di que sempre buscaron un beneficio para os veciños e non para a Administración. Sinala que o Decreto ao que fai mención o concelleiro González Rodríguez, é un Decreto que aprobou o Goberno Central para axudar aos Concellos empufados, como Salceda, para solucionar a situación, e xa non é aplicable para o 2016. Di que o goberno municipal non protestou por ese Decreto porque non lles interesaba e non presentaron mociones en contra nin tampouco pancartas. Explica que así o goberno municipal recadaba máis.

Respecto a que no 2004 modificaran a ordenanza dille ao sr. González Rodríguez que xa pasaron once anos, que é un tempo máis que razonable. E respecto a que supoña unha rebaixa de recadación, sinala que non cree que implique iso porque se fixo unha regularización catastral solicitada polo sr. Alcalde, e independentemente diso xa dixerón como compensar eses 50.000 ou 60.000 euros. Pídelle que minoren os soldos. Di que en Tui con 90.000 euros sérvelle para o equipo de goberno en adicacións, e dobran a Salceda en orzamento e poboación.

Respecto do procedemento di que tiñan tempo de sobra si se quería aplicar xa que no 2011 a modificación aprobouse nun pleno celebrado o 11 de novembro. Indica que fai falta máis persoal administrativo e menos políticos con soldo, e terían que darlle as instrucións precisas ao persoal para cumplir co acordo. Di que espera que esta vez non sexa culpa dos técnicos.

**O sr. González Rodríguez** di que o PP ten certas mañas en chamarlle ás cousas dunha maneira que non se entenda. Pregúntalle si sabe como se chamaban as medidas para aplicar a suba no tipo impositivo. Di que son o *"Real Decreto-ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público"* e a *"Ley 16/2013, de 29 de octubre, por la que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidad medioambiental y se adoptan otras medidas tributarias y financieras"*. Di que teñen un tipo na ordenanza do 0,53% e tiveron que aplicar un 0,60% polo Ministerio de Facenda. Explica que ao grupo de goberno lles parece xusto aplicar o 0,53% sobre todo estando por debaixo da media dos concellos limítrofes. Di que os soldos xa se minoraron esta legislatura respecto á pasada.



Dille á portavoz do PSOE que si que hai que mirar o momento de cando se aplican as medidas, no 2011 cando se subiu o tipo era peor momento, polo menos en canto ao número de parados, e si agora non é o momento, daquela tampouco o era, pero que entón pretendían manter uns servizos públicos de calidade. Di que para o ano grazas a que o Estado non lles obriga a aplicar o 0,60%, baixarase o 12% e aplicárono o tipo do 0,53% que teñen en Ordenanza.

**O sr. Núñez Troncoso** di que aos veciños dalles igual como se chame o Decreto, que o importante é o que lles sae do peto. Di que quedou claro no último pleno que o 0,60% só se aplicou obligatoriamente no ano 2013 e aplicárono no 2015 porque quixeron.

**O sr. González Rodríguez** dille que sabe que si non se aplicaba o 0,60% tiñan que facer unha actualización de valores que supón un 11% de suba do valor catastral.

**O sr. Núñez Troncoso** di que na páxina 19 da acta do anterior pleno pódese comprobar como o sr. González Rodríguez dixo que tiñan o 0,60% nos recibos de 2014.

**O sr. González Rodríguez** di que logo o corrixiu, que tamén está na acta.

**O sr. Núñez Troncoso** di que Goberno Central só obrigou a aplicar o 0,60% no 2013. E que os outros anos, en concreto no 2015, aplicárono porque o sr. Alcalde quixo que se aplicara. Resume sinalando que o incremento nos recibos sería menor optando pola outra vía en vez de o 0,60%.



O sr. González Rodríguez pídelle que non engane. Que sabe que neses catro anos a suba a que os obrigou o Estado tivérona que levar a cabo. E que supuxo unha suba no recibo da urbana que foi esta: no 2012 subiron do 0,53% ao 0,58% (un 10%), no 2013 aplicaron un 0,60% ao non facer actualización de valores; no 2014 actualizaron os valores e aplicaron o tipo da Ordenanza (un 11% de suba) e no 2015 mantiveron os valores catastrais e aplicaron o 0,60%.

O sr. Núñez Troncoso pídelle que non o interrompa. Di que a suba no 2012 foi sobre a suba que o goberno municipal aplicara e o único ano que o Goberno Central os obligou a aplicar o 0,60% foi no 2013. Pregunta porque no 2014 aplicou coeficientes e ordenanza e no 2015 non fixo o mesmo. Explica que sería porque recadaba máis. Pregúntalle si o Goberno Central os obligaba a aplicar o 0,60% no 2015.

Respecto a que se minoraron os soldos di que antes eran sete e agora seis, que só faltaría. Respecto dos servizos di que non se teñen porque tocar, que chega con que fagan unha baixada de salarios, gastos en urbanismo, propaganda, camisetas ou outros. Pregúntalles cantas mociones e pancartas puxeron en contra do Decreto do Goberno.

O sr. González Rodríguez dille que se lea os Decretos do Ministerio e aí xa se explican as medidas que tiveron que implantar os Concellos: actualizar os valores ou aplicar o 0,60%.

O sr. Núñez Troncoso dille que non lle está contestando á pregunta.

O sr. González Rodríguez di que si non se aplicaba o 0,60% tiñan que actualizar os valores, nun 11%, o cal era subir a carga impositiva aos veciños dunha forma ou doutra.

O sr. Núñez Troncoso di que subirían menos se aplicasen a outra medida.

O sr. González Rodríguez di que sería un 1% menos.

O sr. Núñez Troncoso di que o 1% é moi importante para moita xente.

A sra. Tourón Domínguez manifesta que o Concelleiro di que ás cousas hai que chamarlle polo seu nome e resulta que na prensa se dixo que o Goberno Municipal baixa o IBI aos veciños e agora acaba de dicir que é polo Goberno Central que non aplica o 0,60% e se baixa ao tipo da ordenanza, ao 0,53%.

Sinala que en canto a manter os servizos é cuestión de xestionar e saber cales son necesarios e aqueles dos que se pode prescindir. Di que se ofrece a axudarlle neste tema. Respecto a minorar os soldos di que non sabe si escoitou minorar ou mellorar, porque a situación persoal de cada un mellorou.

O sr. Besada Pérez dille que a van contratar como asesora, que se fai preguntas e contéstase ela mesma. Di que están de acordo con que os asesore, que xa o fixo durante catro anos pero sen embargo agora di o contrario de cando estaba no goberno; e que ela cobraba un soldo de asesora cobrando máis que concelleiros que estaban no goberno.

Pídelle silencio ao público.

Dille ao sr. Núñez Troncoso que houbo unha asamble extraordinaria da FEGAMP en contra da Lei Montoro, lei inxusta para os Concellos, e na cal estaban a gran maioría de acordo, e que más ca iso é difícil facer. En canto ao procedemento di que xa o dixerón cando se tratou a moción, que non podían aprobar algo que non dependía directamente do Alcalde. Que seguiron o procedemento legalmente establecido e tamén se dixo que tiñan que convocar eles o Pleno. Di que agora piden unha redución de prazos e o informe de Intervención di que son 30 días, que era o que dicía o Grupo de Goberno o 3 de novembro. Di que están cumplindo o acordo plenario e os prazos establecidos; e que o PP a través do Goberno do Estado é o culpable das subas. Di que pasan a votación.



**O sr. Núñez Troncoso** pregunta que é o que van a votar.

**O sr. Alcalde** dá lectura da proposta de acordo que fixo o PP:

- **Proposta de acordo provisorio de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobilés (IBI) establecendo como tipo impositivo o 0.50% para o exercicio 2016.**

**O sr. Núñez Troncoso** di que pediron a tramitación de urxencia.

**O sr. Alcalde** di que o procedemento o marca o informe de Intervención e que non procede o trámite de urxencia. Dalle a palabra ao sr. Secretario.

**O sr. Secretario** explica o Pleno pode aprobar que se tramite por urxencia pero advirte que si se reducen os prazos de exposición pública, a ordenanza incurrirá nun vicio de nulidade de pleno dereito, polo que si se aproba o procedemento de urxencia e se aplicase a ordenanza no ano 2016, no caso de existir algunha impugnación, a ordenanza é nula e elo conleva que non debería existir, o que supón que si se fixese algún pago polos veciños tería que devolverse con intereses.

**O sr. Núñez Troncoso** di que entón queren presentar unha emenda para que a rebaixa se aplique a partir do ano 2017.

**O sr. Besada Pérez** pregúntalle como van aprobar agora algo que entra en vigor para o ano 2017 sen informes de intervención. Di que iso é unha ocorrencia que non ten ningún tipo de sostén.

**O sr. González Rodríguez** di que terá que seguir o procedemento que marque a Lei.

**O sr. Besada Pérez** di que esto é pouco serio. Que teñen todo o 2016. Que é un capricho.

**O sr. Núñez Troncoso** pide que Secretaría ou Intervención lle constesten si é viable o que están propondo.

**O sr. Besada Pérez** di que fará un receso porque non aplicará temas así de repente sin o informe de Intervención. Di que non saben as magnitudes económicas do ano 2016 e que non ten lóxica aprobar agora algo para o ano 2017.

**O sr. Rodríguez Davila** pídelle que entón faga o receso, que non é ningún capricho.

**O sr. Besada Pérez** di que é un capricho, e que é necesario ter as magnitudes reais. Di que non se someterá nada a votación sin os informes pertinentes, e menos nun pleno extraordinario que se convocou para isto.

**A sra. Tourón Domínguez** di que quere preguntarlle á Intervención. Que entenden que o informe pertinente é o de Intervención e non o de Secretaría. Pregunta si no caso que se aprobe hoxe a ordenanza queda baixada do 0,53% ao 0,50%, e si terán que cambiala despois.

**A sra. Interventora** di que que a ordenanza ten que estar en vigor antes do período impositivo, que é o ano.

**A sra. Tourón Domínguez** di que si queda aprobada comezaría a aplicarse para o ano 2017.

**A sra. Interventora** di que a vixencia das ordenanzas é indefinida ata que non se derroguen ou modifiquen.



A sra. Tourón Domínguez di que si agora se baixa a ordenanza quedaría para aplicar para o ano 2017.

O sr. Besada Pérez di que mentres que non haxa un informe de Intervención non se someterá a votación. Que o informe que ten é en referencia ao ano 2016.

A sra. Tourón Domínguez di que si se aproba isto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017. Que xa o está dicindo a Interventora.

O sr. Alcalde, sendo as 10:34 minutos da mañá, dispón que se faga un **RECESO** na sesión á espera da emisión de informe por Intervención (o artigo 87 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, permite que o Presidente faga interrupcións ao seu prudente arbitrio, para permitir as deliberacións dos grupos por separadó sobre a cuestión debatida, ou para descanso nos debates).

Sinala que receso se fará por unha hora de duración.

**Sendo as 12:08 minutos da mañá reanúdase polo sr. Alcalde a sesión.**

Están presentes:

**Presidente:** Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

**Concelleiros/as Grupo municipal do Partido Popular:** GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP), NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP), RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP).

**Grupo municipal de Movemento Salceda:** PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS), CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS), GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS), PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS), GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS).

**Grupo municipal do PsdeG-PSOE:** TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) e LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE).

**Interventora do Concello:** Elisa Marqués Parrilla.

**Secretario do Concello:** Carlos López Quintáns.

Queda constancia da emisión pola Interventora Municipal do Informe nº EMP 107/15 de 11 de decembro de 2015, de cinco páxinas, numeradas do un ao cinco, no que se conclúa:

*"A modificación do tipo de gravame do IBIU establecéndose este no 0,50% axústase á legalidade. Asimesmo, a Ordenanza sería de aplicación a partir do 1 de xaneiro do primeiro exercicio posterior a súa entrada en vigor. Reitero, como xa se puxo de manifesto que calquer redución en conceptos de ingresos debería acompañarse da correlativa redución do gasto ou incremento dos ingresos en outros conceptos, co fin de que os ingresos correntes sexan suficientes para financiar os seus gastos correntes, dada a súa incidencia na estabilidade orzamentaria, e dar cumprimento ao obxectivo da regla de gasto".*

**Este informe foi entregado pola Interventora Municipal a cada un dos Grupos Municipais con anterioridade a reanudarse a sesión.**

**O sr. Besada Pérez** pregunta si non van a vir os concelleiros que faltan. Di que despois do recesso e unha vez feito o informe de Intervención, xa teñen todos os datos. Sinala que planteaba o PP a opción dunha emenda para indicar na proposta que a baixada sería a partir do ano 2017, polo que toca votar esa emenda. Somete a votación a emenda.

**O sr. Núñez Troncoso** interrompe antes de que se vote e di que agora teñen datos novos no expediente e queren estudialos, polo que piden outro recesso ata as 14:00 horas ou 14:30 horas. Que non votarán algo que non lles deu tempo a ver.

**O sr. Besada Pérez** di que antes querían votar algo sen o informe de intervención e agora piden tempo para velo.

**O sr. Núñez Troncoso** di que o novo informe hai que estudialo.

**O sr. Besada Pérez** somete a votación a emenda.

Antes da votación **o Sr. Núñez Troncoso pregunta** cal é a emenda, que é o que se vota.

**O sr. Besada Pérez** pregunta cal é a emenda.

**O sr. Núñez Troncoso** di que queren eliminar o concepto que pon 2016.

**O sr. Alcalde** explica que o que piden é a modificación ao 0,50%, e punto, sen ano de referencia, e tramitación por procedemento ordinario.

**O sr. Secretario** di que o que se votaría é a baixada ao 0,50% e matizando que é IBI urbana.

**O sr. Rodríguez Davila** pide que se recolla na acta que non se fixo caso da solicitude de recesso formulada polo sr. Núñez Troncoso.

**O sr. Alcalde** somete a votación a emenda e a mesma é rexeitada por seis votos en contra dos/as sres./as concelleiros/as Grupo Municipal de Movemento Salceda; e cinco votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.



De seguido sométese polo sr. Alcalde a votación a proposta de acordo seguinte:

- **Proposta de acordo provisorio de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobilés (IBI) establecendo como tipo impositivo o 0.50% para o exercicio 2016.**

Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; e seis votos en contra dos/as sres./as concelleiros/as Grupo Municipal de Movemento Salceda, NON APROBA a proposta de acordo.



Non habendo máis temas que tratar, ás doce horas e catorce minutos da mañá, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de once páxinas numeradas do un ao once, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez

O SECRETARIO DO CONCELLO



